

**BANDO****ISABEL GIL ÁLVAREZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE RAMIRÁS,**

Con relación á Vixilancia sanitaria da auga de abastecemento no Concello de Ramirás, **FAGO SABER Á VECÑANZA**

1. O día 12 de agosto de 2020, recibíuse o resultado da analítica periódica de auga correspondente ao mes de AGOSTO co resultado de NON APTITUDE. Inmediatamente, encomendouse a realización dunha nova analítica de contraste para coñecer a aptitude da auga para o consumo; toda vez que se está a subministrar auga potable en cisternas para o abastecemento á poboación.

2. Na data da toma de mostras, se produciron tres fugas de auga no circuíto de abastecemento de auga de consumo humano no Concello de Ramirás. Isto provocou que a auga totalmente potable, que se subministra en cisternas directamente no tanque de auga bruta da ETAP de Pereira se perdera. En concreto, o resultado adverso produciuse na auga procedente do tanque de auga de Vilariño que ten un sistema de admisión automática de auga, que se activa cando o volume de auga se atopa por debaixo dun determinado nivel. Por este motivo, o enchido deste depósito de Vilariño se produciu no momento no que as diversas fugas de auga tiñan baleirado da auga transportada en cisternas o depósito da ETAP de Pereira.

3. Ao estar o encoro pechado, e non turbinarse tan frecuentemente na cámara de carga de Tuño II, que é o punto de captación, increméntase a incidencia do arsénico na auga.

Vistos os antecedentes **DISPOÑO,**

PRIMEIRO.- Vaise subministrar exclusivamente auga en cisternas á poboación totalmente potable.

SEGUNDO.- Vaise proceder á realización de analíticas semanais á auga de consumo humano do concello de Ramirás para garantir a súa aptitude.

TERCEIRO.- **Limítase o uso da auga de consumo da rede municipal para o consumo doméstico, permitíndose unicamente empregar a auga para usos distintos do doméstico os domingos.**

En Ramirás, a Alcaldesa

Isabel Gil Álvarez

